

Notas sobre a vida e a obra de Miguel Torga: *Nihil Sibi* como metapoética

*A Fernão de Magalhães Gonçalves
In memoriam
A Manuela Maria Alves Morais*

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Notas sobre a vida e a obra de Miguel Torga: a metapoética de *Nihil Sibi*

Abstract

Some notas about Miguel Torga's life and work: the poetic of *Nihil Sibi*

A recente decisión do PEN club de Portugal de propoñer a candidatura da poeta Sophia de Mello Breyner para o premio Nobel tráenos á memoria un dos más importantes autores da literatura portuguesa, proposto varias veces ao Comité do Nobel que tivo que pechar o seu expediente non por concederlle o premio senón porque morreu sen darlo.

Adolfo Correia da Rocha, coñecido polo pseudónimo literario de Miguel Torga, naceu o 12 de agosto de 1907 en S. Martinho de Antas, Tras-os-Montes no seo dunha familia humilde que vivía do cultivo da terra¹; de criado de servir na cidade do Porto, despois dunha breve pasaxe polo seminario de Lamego, con trece anos embarca para o Brasil, onde fixo de todo. Cinco anos despois regresa a Portugal, licenciándose en medicina pola Universidade de Coimbra, cidade onde se establece definitivamente en 1941 como otorrinolaringoloxista. Morre o 17 de xaneiro de 1995. Autor de máis de cincuenta obras de poesía, prosa e teatro, nun primeiro momento formou parte do Segundo Modernismo portugués constituído por un grupo de autores que en Coimbra se situaban en torno á publicación da revista *Presença* (1927-1940), tratando de restablecer a idea do *Orpheu* de dotar ao país dunha arte moderna sen provocar rupturas bruscas coa tradición; en 1930 rompe con este grupo e comeza un camiño caracterizado por un neorrealismo individual que proclama que a literatura ten unha función social responsable e responsabilizadora como arte “*o mais pura possível nos meios e o mais larga possível nos fins*”²; a súa obra responde a unha concepción provincial da realidade portuguesa xuntamente con outros

* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

1 O gusto pola lectura, a pesar de ser analfabetos o pai e o avó, apareceu moi cedo a partir dun resumo ilustrado da Biblia que súa nai lía.

2 *Novos Contos da Montaña*, p. 13, 5^a ed.

autores como Vergílio Ferreira, Agustina Bessa Luís e Cardoso Pires. Nas obras destes autores os escenarios son rústicos e na de Torga, en particular, a aldea serrana de S. Martinho de Anta marcouno profundamente e fixo que nacese un compromiso coas xentes e coa situación de penuria na que viven, compromiso manifesto nestas palabras: “*Vi mais fome, mais ignorância e mais desespero. Corre por estes montes un vento desolador de miséria que não deixa florir as urzes nem pastar os rebanhos. E foi por isso que fiz aqui uma promessa que te transmito: que estava certo que tu, habitante dos nateiros da planicie, terias em breve comprensão e amor pela sorte áspera destes teus irmãos*”.

Torga non só se compromete a axudar a cambiar esta situación senón que responsabiliza do cambio aos que a padecen: “*Mas quero que saibas que ousei partir desse regalo e dessa comoção para te responsabilizar na salvación da casa que, por arder, te deslumbrava os sentidos*”. Toda a vida de Torga, mesmo a vida literaria, como ben afirma Fernão de Magalhães Gonçalves, autor do mellor e más completo estudio sobre o autor, é a historia da súa infancia³.

Aínda que Torga cultivou o teatro, destaca sobre todo por ser poeta, e un excelente escritor en prosa como demostra nos traballos de *A criação do mundo* e nos libros de contos, *Bichos* (1940), *Contos da Montanha* (1941), *Novos Contos da Montanha* (1944), para moitos, uns dos melhores da literatura non só portuguesa. É ademais un grande diarista, cunha obra principal, o *Diário*, onde utiliza a prosa e o verso. Autor tamén dunha única novela, *Vindima* (1945). O estilo da obra en prosa, onde o humano é o centro, é, sen estridencias, delicado e grande, sobrio e cunha extraordinaria propiedade léxica.

Como poeta, cando estaba a dominar o segundo modernismo, fai unha poesía que ten moito que ver coa poesía realista de Guerra Junqueiro na preocupación directa pola situación do home no mundo, e coa do saudosista Teixeira de Pascoais no tratamento dunha problemática de tipo cósmico e na procura de fraternidade; a idea central da obra torguiana é a procura da transcendencia na terra, auténtico drama para o poeta e un soño imposible precisamente pola limitación da condición terrena.

O primeiro libro de poesía publicouno en 1928 co título de *Ansiedade*; o segundo libro, formando parte do movemento da “Presença”, foi publicado en 1930 como *Rampa*, pero o primeiro libro importante de Torga é *O outro libro de Job*, libro de poesía publicado en 1936 do que Fernão de Magalhães afirma que é un dos más significativos que se publicaron no século XX en Europa. A partir deste libro virán *Libertação* (1942), *Odes* (1946), *Nihil Sibi* (1948), *Cântico do Homem* (1950), *Alguns Poemas Ibéricos* (1952), *Penas do Purgatorio* (1954), *Orfeu Rebelde* (1958) e *Câmara Ardente* (1962). O afastamento de Torga do grupo presencista prodúcese en 1930, e puido deberse ao que el mesmo explica en *A Criação do Mundo* como o impedimento destes autores para ocuparse da súa propia humanidade achándose tan ocupados na procura de novas experiencias estéticas, ou tamén puido ser que o autor quería marcar a súa propia individualidade para destacar fóra do grupo.

O libro *Nihil Sibi* pode considerarse unha arte poética onde se trata nas tres partes que constitúen a súa estructura, a primeira co título de “O poeta”, a segunda titulada “Os salmos”, e a terceira co título de “A morte do poeta”, o traballo e a obra do poeta tal e como

3 Fernão de Magalhães Gonçalves, *Ser e ler Miguel Torga*, Ed. Tartaruga, Chaves, 1992. Este libro foi publicado cos cuidados de Manuela Gonçalves, esposa do autor a quen a morte sorprendera en Seul, Corea do Sur en 1988.

Torgà os imaxina; áinda que Torgà fala en todos os seus libros da poesía e do traballo do poeta, este libro trata exclusivamente este tema, e é unha auténtica metapoética no tratamento da función, da obra e da morte do poeta, tres temas que se desenvolven nas tres partes da obra.

A primeira parte céntrase na figura do poeta, aparecendo como un rei non pola forza do mando senón polo seu poder de imaxinación (*Nihil Sibi*, 3^a ed., poema “Majestade”, pp. 10,11); fala das cousas humildes e do seu triste destino:

*Passa um rei –é o Poeta.
Não pela força de mandar,
Mas pela graça mágica e secreta
De imaginar.*

*O cetro, a pena –a lançadeira cega
Do seu tear de versos.
O manto, a pele –arminho onde se pega
A lama dos caminhos mais diversos.*

*Um grande soberano
No seu triste destino
De ser um monstro humano
Por direito divino.*

O poeta é un sementador de palabras que trata de crear un futuro mellor que o presente na terra negra da vida (“Canção do semeador”, p. 21), el actúa como un “vidente” sen estar seguro de que a terra recibe a semente:

*Na terra negra da vida,
Pousio do desespero,
É que o Poeta semeia
Poemas de confiança.
O Poeta é uma criança
Que devaneia.*

*Mas todo o semeador
Semeia contra o presente.
Semeia como vidente
A seara do futuro,
Sem saber se o chão é duro
E lhe recebe a semente.*

Pero el segue sementando como un neno ou un Quixote cheo de entusiasmo (“Juventude”, p. 31):

*Seu puro entusiasmo de criança
Durou-lhe enquanto teve coração.
Cada hora trazia a nova lança
Para a nova ilusão.*

*E a sua vida foi como um cinema
De façanhas perdidas.
Comoventes imagens coloridas
Dum Quixote de trágica figura.
Saltos vãos sobre o abismo,
De loucura
E lirismo.*

O poeta escolle a defensa da humanidade fronte á crueldade dos tiranos (“Antes dos salmos”, pp. 36,37):

*Dobrando o arco, foi dobrando a vida,
E viu que os dois extremos se tocavam!
Que no cerne da corda distendida
Havia fibras que se laceravam.*

*O combate, porém, naquele instante,
Exigia uma cega lealdade;
Dum lado a crueldade do gigante,
Do outro a servidão da humanidade.*

*No seu instinto aberto de Poeta
Nunca a sorte mentira.
E o arco tenso despediu a seta
E transformou-se em lira*

A crítica aos tiranos é un dos principais obxectivos do poeta (“Sátira”, p. 33):

*Disse então aos tiranos:
Que pequena e mesquinha humanidade
A vossa!
Horas, dias e anos
De crueldade,
Para que ningúem possa
Gritar que passais nus pela cidade!*

Mais tamén lle corresponde o labor de gardar a Memoria, ainda que quizais un pouco embelecida (“Memória”, pp. 28,29):

*Só moldada no bronze da beleza
Se continua a vida,
Entre a morte e o Poeta interrompida.*

Como afirma Fernando de Magalhães a Poesía é para Torga un don innato, o estado de espírito e de perfección superior do home que decidiu vivir sen Deus e que procura nela unha alternativa ao sentido da vida (“Missão”, p. 30). A Poesía é a salvación terrena do home:

*Anda a pregar a boa-nova humana,
A salvação eterna neste mundo.
Anda a pregá-la, bárbaro e sozinho,
Perseguido por César e por Deus.
Não lhe juncam de palmas o caminho,
Nem é rei dos judeus.*

Torga, como os autores galegos da Xeración Nós, ligado á terra natal, consegue a universalidade como narrador e como poeta (“Universalidade”, p. 24):

*Aquí declaro que não tem fronteiras,
Filho da sua pátria e do seu povo,
A mensagem que traz é um grito novo,
Um metro de medir coisas inteiras.*

*Redonda e quente como um grande abraço
De pólo a pólo, a sua humanidade,
Tendo raízes e localidade,
É um sonho aberto que fugiu do laço.*

A segunda parte, titulada “Os salmos”, constitúe o producto do traballo do poeta, con poemas nos que domina a temática da fraternidade (“Cântico gradual”, p. 41):

*Somos todos irmãos.
Desde o primeiro homem
Que desejou mulher,
A nossa lei fraterna
É uma certeza eterna
A crescer.*

Está tamén presente o afastamento de Deus e as profundas raíces do eu na terra (Cântico de inteligência”, pp. 42,43):

*Dura!
Existe humanamente, e sé feliz!
Céu que não possas ver com olhos teus,
Deixa-o a Deus
-A ideia que tiveste e te não quis.*

É a terra a que ocupará o lugar dese Deus que non o quixo (“Cântico da aflição”, p. 45):

Salva-me, ó terra, minha Mãe!

Mais, algumas veces (“Cântico de amor carnal”, pp. 46,47), o eu reflexiona sobre o ceo, aínda que a súa elección finalmente estará no lado da terra:

*Só quem sobe à montanha toca o céu!
Na terra chã ninguém se transfigura!
Cada beijo é um punhal que te procura,
Cada entrega é uma morte.
Vai, na tua candura,
Ao encontro do gume que te corte!.*

Por isto, os deuses, para cantalos, terán que facerse tamén da terra (“Cântico de humanidade”, p. 67):

*Apenas se os deuses querem
Ser homens, nós os cantemos.
E à soga do mesmo carro,
Com os aguilhões que nos ferem,
Nós também lhes demonstremos
Que são mortais e de barro.*

Das súas raíces na terra brota o tema do Carpe diem (“Para a manhã”, p. 54):

*Rosa acordada, que sonhaste?
Nas pálpebras molhadas vê-se ainda
Que choraste...
Foi algum pesadelo?
Algum presságio triste?
Ou disse-te algum deus que não existe
Eternidade?
Acordaste e és bela:
Vive!
O sol enxugará esse teu pranto
Passado.
Nega o presságio com perfume e encanto!
Faz o dia perfeito e acabado!*

A terceira parte, “A morte do poeta”, céñtrase na morte e afirmase que o poeta non morre porque vive para sempre nos versos (“A morte”, p. 73):

*Só no ouvivo dos versos,
Onde a seiva não corre,
Uma rima perdura,
A dizer com brandura,
Que um Poeta não morre.*

Neses versos a súa loita continúa áinda sen a súa presencia física (“Presença”, p. 78.):

*É um herói singular:
Morto há mil anos, e combate ainda!*

Ao final da lectura deste libro, ficamos coa sensación de ter vivido as experiencias dun eu poeta que, defendendo a inmanencia, trata de conseguir unha nova transcendencia que devén nunha situación patética e desgarrada a pesar de poemas tan esperanzados como o titulado “Eternidade” co que se fecha o libro *Nihil Sibi*:

*Quando secar a força da nascente
Onde agora se bebe,
Não se morra de sede no caminho.
A crescentem-se os passos que se deram
Até ver amieiros no horizonte.
São filhos de amieiros que nasceram
Junto de nova fonte*

O Comité Nobel da Academia Sueca tivo que pechar os expedientes, por causa de morte, de tres grandes autores como Miguel Torga, José Cardoso Pires e Vergílio Ferreira. Só José Saramago conseguiu este premio no ano 1998. Pregamos para que Sophia de Mello Breyner, de oitenta e dous anos de idade, brillante candidata das letras lusas, poida conseguir que se peche o seu expediente recollendo un día o Nobel en Estocolmo.

MIGUEL TORGÀ

NIHIL SIBI

POESIA

3.ª EDIÇÃO

COIMBRA